

PANTALLAS]



**Para unha historia  
do cinema  
en lingua galega**

# [4] Lume na periferia

Xosé Nogueira [Coord.]

Cristina R. Lesmes  
Fernando Redondo Neira  
Xurxo González Rodríguez  
Iván Villarmea Álvarez  
Jaime Peña  
Julio Vilariño Cabezas

Sara Donoso  
Margarita Ledo Andión  
Lara Rozados Lorenzo  
Gonzalo E. Veloso  
Alberte Pagán

# A década prodixiosa. O NCG en dez fitos

José Manuel Sande

Diríase que non hai mellor maneira de honrar un momento artística e culturalmente próspero —neste caso unha década frutífera—, que facelo falar por si mesmo, polos seus feitos e logros. E unha posible maneira de deixalo expresarse pasa por establecer unha escolla de sucesos concretos —cos seus antecedentes e intres de eclosión ou significativos— e que a memoria vague, tentando, coa distancia que outorga o tempo, capturar o acontecido. A historia do que se dá en chamar Novo Cinema Galego, punto de inflexión indiscutido na cinematografía producida ou realizada desde Galicia, vén marcada pola súa configuración como un espazo de reflexión cheo, desde unha perspectiva teórica e historiográfica, de ambigüidades, imprecisións, intereses, amnesias ou descoñecementos de diversa índole —moitos ocasionados desde o propio nacemento da marca—, polo que a estas alturas non resulta digresivo (e si convén) un relato sinalado a través de diferentes fitos polos que se

dunha concepción mal entendida da xenerosidade, xa que a crítica galega tendeu a ser parcial no tratamento das producións realizadas por autores galegos. Non quixo influír, co debate de fondo de que podía dilapidarse con contundencia o potencial dun ámbito enteiro. Isto pode entenderse desde certos parámetros —o que non é óbice para aprender a desenvolverse en microcosmos: a lucidez ou o cultivo da sutileza, por non decir o eufemismo, non deben confundirse coa agresividade—, pero dificultou o exercicio co carácter rigoroso e libre que debe ter o analista ou crítico. Se todo vale, a posición de privilexio de quen escribe para facer comprender mellor determinadas propostas filmicas, queda anulada. Nin que decir ten que a aparición do meteorito NCG serviu para poñer cada posición no seu lugar, así como permitir a recuperación de temas e/ou propostas minguadas. Como resumo, na maioría dos casos acabou por aceptarse que sucederan feitos significativos para a evolución (e propagación) do noso cinema.

## 10. Coda. Alberte Pagán

Este teórico e cineasta experimental resume coma ningúen algúns dos principais trazos do NCG, afastándose singularmente de parte dos camiños emprendidos no cine anterior (tal e como procede en alguén de traxectoria tan independente como insólita). O itinerario creativo e ensaístico de Pagán, construído sobre a suma de paixón, erudición e a liberdade que atesoura un carácter insubornable, deixa varios vocábulos ou expresións para a Historia. Seguramente moitas delas non sexan facilmente atribuíbles a todas as figuras advertidas no movemento: artífice, benfeitor, home renacentista, viaxeiro, explorador de novos camiños, filólogo, traballador autoxestionario, docente, activista, figura referencial, pionero.